

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Emilio González López, a Luís Seoane do 11/06/1951**

**Colección:**

**Data:** 11/06/1951

**De:**

Emilio González López;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita co membrete:] HUNTER COLLEGE / OF THE CITY OF NEW YORK / 695 PARK AVENUE / NEW YORK 21, N. Y. / Department of Romance Languages.

**Temáticas:**

Artes; Literatura; Medios de comunicación; Middelbury College; Prensa escrita;

**Mencionados:**

Xosé Núñez Búa;

---

## **Transcripción da epistola de Emilio González López, a Luís Seoane do 11/06/1951**

New York, 11 de xuño de 1951

Querido amigo Seoane:

Acabo de recibir unha carta de Búa dándome a boa nova de co meu libro eiva xa na imprenta e de que ti fuche a forza mesma en sacalo adiante. Gracias por elo, coido que será un libro de éxito. Puxen nil tanto traballo como entusiasmo i estimo que será unha arma valiosísima pra unha causa cultural e política, teño gran intrés por ve-la crítica que recibe en Galiza, Portugal e Hespaña. Non toda será favorable, especialmente aos historiadores españoles que non ven con bos ollos a reitificación da vella historia d'Hespaña. En Portugal hai bos amigos nas universidades e nas revistas universitarias competentes que lle farán xusticia.

Xa me dira-las condicións en que se publica. Pra min o principal é velo fóra e

discutido. Ve-las ideas espalladas entre vós e discutidas polos alleos.  
Teño varios artigos pra Galiza emigrante. Penso rematalas no Middelbury College,  
inda teño máis tempo de vagar pra mandarllas.  
En Hespaña, hai gran efervescenza ou en Galiza grandísima. O acto de Kovalea en  
Pailloni ó que asistiron 10.000 personas foi unha foi unha manifestazón da nosa  
visibilidade.

¿Que fas? ¿Que proxectos tes?  
En espera das túas novas, unha forte aperta.

Emilio González

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.